

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN TÉCNICA DO CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA POLA QUE SE CONVOCA PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE GRUPO II TÉCNICO/A SUPERIOR DIPLOMADO/A EN INFORMÁTICA MEDIANTE O NOMEAMENTO DE PERSOAL INTERINO

Vista e aceptada a renuncia de Dna. Valme Cid Pozo, procede convocar proceso selectivo para a ocupación da praza de Grupo II, Técnico Superior Diplomado/a en Informática que deixa vacante a través do nomeamento de persoal interino.

O procedemento será o contemplado no artigo 5.b) do Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, publicado no DOG nº 213 do luns 3 de novembro de 2008. Así a Directora Técnica

RESOLVE,

- Aprobar a convocatoria e as bases para a cobertura dunha praza de persoal laboral temporal de Grupo II Técnico/a Superior Diplomado/a en informática polo nomeamento de persoal interino.
- Convocar ao tribunal designado para a reunión constituínte o día 11 de febreiro de 2009.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2009

Victoria Millor Rego
Directora Técnica
Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia